

**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DÍA 04/11/2019
(Extracto en [http: sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal) - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 04/11/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28 de outubro de 2019, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/5106

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE LÍMITES
ASOC. CUL. LUMARADA	G94150414	225,00 €	04/11/2019	SI
CALIDAD Y GESTION MEDIOAMBIENTAL TRILLIUM, S.L.	B15948250	2.904,00 €	04/11/2019	SI
COMERCIAL Y MONTAJES OSFAN, S.L.	B36421402	544,50 €	04/11/2019	SI
ELITDOOR, S.L.	B94099371	3.939,08 €	04/11/2019	SI
EMPRESA PEREIRA, S.L.	B36030997	220,00 €	04/11/2019	SI
SAMAIN SERVICIOS A COMUNIDADE, S.A.U.	A27843192	794,39 €	04/11/2019	SI

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/4925

Dáse conta do informe da Secretaria Delegada da Fundación de Deportes:

ASUNTO: RECURSO DE ALZADA CONTRA A RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE CON DATA 24/06/2019 PRESENTADA POLA EMPRESA INSTALACIONES ECOVILA, S.L..

ANTECEDENTES:

- Informe de secretaria onde se indicaban os seguintes antecedentes:

. Prezo da licitación anterior, por importe de 1.609,51 €/trimestre, aprobado pola Resolución da Sra. presidenta con data 09/02/2015 nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares acompañados dos seus Anexos e de Prescripcóns Técnicas.

. Criterios a seguir de acordo o programa de mantemento preventivo que cumpra co establecido no apartado IT. 3.3 , R.I.T.E. (R.D. 1751/1998) do Regulamento de Calefacción e Auga Quente Sanitaria, o RICI e o novo CTE, remitido ás empresas ás que se lles solicitaron oferta económica e, no que se incrementa un total de catro novos acumuladores eléctricos nas instalacións deportivas municipais.

. Orzamentos presentados polas empresas que a continuación se relacionan, co seguinte desglose:

EMPRESA	IMPORTE
Ecovila SL	834,90 €/trimestre
Calefacciones Paulino SL	1.815,00 €/trimestre

. Artigos 138 e 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

. Artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Informe-proposta do Sr. encargado de Mantemento

- Informe do órgano de Contratación

- Informe de intervención

- Resolución do Sr. presidente con data 24/06/2019

INFORME:

Vistos os antecedentes sinalados, informo que se ratifica o informe anterior, dado que se trata dun contrato Menor, polo que se ten en conta o importe de licitación do Contrato anterior (no que figura os informes técnicos), sendo unha baixa que supera 20 unidades porcentuais da outra oferta, polo que se debe considerar desproporcionada ou temeraria.

Así como se indica que se remitiu os criterios de solicitude de orzamentos, onde se incrementaban tres interacumuladores eléctricos, con respecto á licitación finalizada o pasado 31 de marzo do presente ano.

CONCLUSIONES:

Polo anteriormente exposto, non procede aprobar o Recurso de Alzada ao presentar un orzamento que se debe considerar desproporcionado á licitación anterior e a outra oferta presentada.

Á vista do informe a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de alzada presentado por Instalaciones Ecovila SL

PRP2019/5040

Dáse conta do convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Mar Pérez Santiago, para cesión de terreo de 343,00 m² de superficie en Camiño A Balada, Cornazo, (Ref. Catastral nº 36060A035007300000GO) para mellorar e complementar a conexión entre a Rúa Cerdeira, Rúa A Granxa e Camiño da Balada, na Parroquia de Cornazo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio, comprometéndose o Concello a realizar as actuacións que sexan necesarias con maximo respecto á lexislación aplicable.

PRP2019/5042

Dáse conta do escrito presentado pola Directora en Funcións do SPAD solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con discapacidade nas inmediacións do Centro ambulatorio de Saúde Mental, situado na Avda. Juan Carlos I nº 38.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno local acorda que se proceda á sinalización dunha praza para persoas con discapacidade na intersección das Rúas Juan Carlos I coa Rúa marxión, concretamente na praza en batería mais próxima ao paso de peóns, con sinalización horizontal e vertical co pictograma coa cadeira de rodas, cumprindo coa normativa 35/2000 da Lei de Accesibilidade de Galicia.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/5043

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ruth María Remirez de Esparza Lindner soliciando vixilancia na confluencia das rúas Rúa do Con coa Avda. Agustín Romero co fin de que se respecte a sinalización existente.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se realizará, na medida do posible, un seguemento na zona, co fin de evitar infraccións e comprobar que a sinalización existente é respectada.

PRP2019/5045

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Santos Busto, solicitando autorización para realizar un evento multideportivo no Complexo Polideportivo de Fontecarmoa (ficticio).

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, así como a colaboración municipal solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

PRP2019/5046

Dáse conta da seguinte proposta da Secretaría Xeral:

Nas eleccións xerais do 10 de novembro de 2019 o Instituto Nacional de Estatística comunicou ao Concello que a Mesa Electoral 4-2-C (Castroagudín) ao contar con menos de 200 electores foi

dada de baixa e fusionouse coa máis cercana (Cea),.

Coa finalidade de facilitar a participación nas eleccións dos/as veciós/as de Castroagudín, preséntase o orzamento da Empresa Pereira, S.L. para o servizo de traslado cun autocar de 27 prazas da veciñanza de Castroagudín o día da xornada electoral, á mesa electoral de Cea (dúas viaxes ida e volta pola mañá e dúas pola tarde).

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Empresa Pereira, S.L.** por un importe total de 220,00 con cargo á partida 920-223, para o servizo citado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/5047

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria del Rocio Louzán Blanco, en representación de Centro Comercial Aberto Vilagarcía - Zona Aberta, solicitando autorización para realización de actividades na vía pública e colocación nas rúas peonís de obxectos do Nadal, un papá Noel o 23 de decembro e tres paxes reais na Rúa Castelao para que os/as nenos/as fagan entrega das súas cartas aos Reis Magos.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/5049

Dáse conta do escrito presentado por D. Jhon Milton Rodríguez Gracianoa, en representación da Igrexa Pentecostal Unida en Europa, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia os días 28 e 29 de novembro, en horario de 11:00 a 14:00 horas, para a realización de un acto.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder a citada autorización de ocupación debendo situarse na Praza de Galicia, Cruce Alcalde Rey Daviña (esquina Banco Simeón), e debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da

limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Non se autoriza a música nin a utilización de amplificadores para a realización do acto.

PRP2019/5050

Dáse conta do escrito presentado por D. Pedro Martins Pereiro, solicitando autorización para instalar un remolque de "Máquinas de Aire" dende o 13 de decembro ao 7 de xaneiro" na Praza da II República..

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a autorización solicitada, tendo en conta que este tipo de instalacións autorízanse unicamente de forma esporádica durante a celebración de Festas ou Eventos.

PRP2019/5051

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús López Rodríguez, en representación do Grupo Municipal Vilagarcía en Común, no que solicita:

- O acondicionamento das cunetas da rúa Bárbara para mellorar a seguridade na zona, xa que a mobilidade debería asegurarse tanto no centro coma no rural de Vilagarcía.
- A sinalización da existencia da fonte da rúa Bárbara.
- A mellora do acceso e das condicións de seguridade da fonte de dita rúa, incluíndo a limpeza das malas herbas da zona de acceso.
- A limpeza da maleza na zona de saída da auga e na pía de recollida de dita fonte.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se está traballando por parte do Servizo de Obras na zona.

PRP2019/5053

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con sinalización da Rúa Pedroso, co fin de evitar o tránsito de vehículos pesados pola rúa entre Thune Eureka e Carsa, que transcorre dende o Pedroso e remata na Rúa Lomba de Bamio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se proceda á colocación dun sinal de prohibida a circulación de camións na confluencia da Rúa Pedroso, a ambos lados da Rúa.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/5055

Dáse conta do escrito presentado por D. José Benito Padín Crespo solicitando a sinalización con cebreado do espazo existente entre o seu vao permanente na Rúa Valentín Viqueira nº 23 e o do veciño para evitar o estacionamento de vehículos que dificultan o acceso aos citados garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de dúas prazas de estacionamento para motocicletas no espazo existente entre os dous vaos permanentes.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2019/5060

Dáse conta do escrito presentado por ADIF en relación co mantemento e sinalización da estrada

ou camiño que cruza o Paso a Nivel Público, Clase B situado no PK 2/595, da liña férrea Vilagarcía-Bif. Angueira, no termino municipal de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e visto o informe da Policía Local, acorda:

En sentido estrada PO-548 cara a casa-vivenda que hai do outro lado da vía, faría falta a sinalización P3 (semáforos), P8 (paso a nivel 10 metros), P3a (proximidade dun paso a nivel. Esta sinalización no sentido contrario atopase colocada.

Respecto ao resto de sinalización: (R-301 de velocidade máxima, P.15 de firme irregular, R-305 de prohibición adiantamento) non se consideran precisas debido á ausencia de circulación, xa que do lado da vivenda citada xa non hai saída (considerando precisa a colocación de sinal S-15a, calzada sen saída).

Dar conta a ADIF, Policía Local e Servizo de Sinalización.

RP2019/5061

Dase conta do escrito presentado por D. Juan Luciano Figueira Rivas e outros veciños da Rúa Cristo do Vento, Cea, solicitando a colocación dun sinal para indicar que a rúa entre os números 29 e 29A non ten saída.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación de sinal S-15 (presinalización de calzada sen saída) á altura do nº 25, co obxecto de informar aos condutores.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

RECURSOS HUMANOS

PRP2019/5008

Dáse conta de Resolución da Alcaldía de data 10 de outubro de 2019 relativa á aprobación da Oferta de Emprego Público 2019, na que RESOLVE:

Primeiro: Aprobar a oferta de emprego público correspondente ao ano 2019 nos termos que se establece na presente Resolución.

Segundo: A presente oferta de emprego público 2019 inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación presupostaria que deben proveerse mediante a incorporación de persoal Funcionario de Carreira de novo ingreso seguinte:

Grupo	Praza	Nº
C1	Policía	1
C1	Policía (Quenda Mobilidade)	2
A2	Inspector/a	1
C1	Delineante-Proyectista	1
A2	Enxeñeiro Técnico	1
A2	Técnico de Cultura	1

A2	Técnico/a en prevención de condutas aditivas	1
A2	Técnico de Xestión	1
C1	Técnico de Deportes	1
C2	Auxiliar Administrativo	3
AP	Operario-Albanel	2
AP	Operario de Mercados	1
AP	Operario mantemento instalacións culturais	1
AP	Subalterno de Biblioteca	1+1tp
AP	Operario Conductor maquinista	1
AP	Operario de Servicios	2
AP	Operario Peón	1
AP	Operario-Conserxe	3

Terceiro: Dacordo có previsto no artigo 59 do texto refundido da Lei 7/2007 e disposición adicional sétima do Decreto Lexislativo 1/2008, segundo o Plan de Conciliación Interno vixente o Concello de Vilagarcía de Arousa cumpre actualmente coa porcentaxe mínima de persoal con discapacidade.

Cuarto: Proceder á publicación da oferta de emprego público (OEP) no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. E dar traslado da presente resolución á Administración Autonómica a á Administración Xeral do Estado aos efectos do establecido no artigo 56.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2019/4990

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases para a realización dun Campamento Urbano de Nadal 2019-2020, a desenvolver no CEIP A Lomba, os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro, e 2 e 3 de xaneiro, dirixido a 50 nenos e nenas.

Acórdase así mesmo adxudicar á Empresa Samaín SA o servizo de limpeza das instalacións, por un importe total de 794,39 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22799 (exercicio futuro 2020). Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.”

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2019/4908

Dáse conta da proposta da Concellería de Turismo para a sinatura dun convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación de Hostalería e Iniciativas Turísticas de Vilagarcía (AHITUVI) para a concesión dunha subvención por importe de 5.000,00 €, con cargo á partida 432.489, para a promoción do Turismo en Vilagarcía de Arousa, mediante a realización de campañas publicitarias, concertos, celebracións gastronómicas, actuacións musicais, etc, durante o ano 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a sinatura do mesmo, debendo estar xustificado o gasto antes do 30 de novembro de 2019

PRP2019/5072

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de outubro de 2019, de aprobación da conta xustificativa do convenio asinado entre a Axencia de Turismo de Galicia, Abanca e o Concello de Vilagarcía de Arousa para o financiamento das Festas de San Roque, figurando no mesmo:

...)

2º Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2019 son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
26-08-2019	EMIT 74	29-08-2019	40.145,00	B804454424	ION MÚSICA, D.L.	Concierto de Vitor Manuel
26-08-2019	EMIT000061	02-09-2019	14.250,00	B32425654	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	Aluguer 8 carrozas
26-08-2019	19.343	06-09-2019	17.972,76	B94119104	GLOBAL SETUP, S.L.	Montaxe de son e iluminación
31-08-2019	01 00101-19001438	23-09-2019	387,20	A36005346	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	Anuncios Festas de San Roque
31-08-2019	EMIT 69	23-09-2019	1.089,00	B70210307	BALSA PULBLICIDAD, S.L.	Anuncios TVG-Desconexión PO
31-08-2019	2191046288	23-09-2019	871,20	A28782936	UNIPREX, S.A.U.	Anuncios Pontevedra OCR
10-09-2019	A2019/a/275	23-09-2019	726,00	B36223600	TELEV. MANCOMUN. SALNÉS, S.L.	Camapaña Festas San Roque
31-08-2019	P190009034	23-09-2019	121,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
31-08-2019	2019/0002797	23-09-2019	517,88	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	078020294	23-09-2019	749,47	A28281369	RADIO POPULAR, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	2019/0002924	23-09-2019	559,02	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	P190009035	23-09-2019	1.216,05	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
TOTAL			78.604,58			

Dos 78.604,58 € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, 5.000 € por ABANCA. Os restantes 48.604,58 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2019 do Concello de Vilagarcía de Arousa..

E debendo figurar:

2º Os distintos conceptos e contías das Festas de San Roque 2019 son:

DATA FACTURA	Nº FACT	DATA RECOÑ	IMPORTE	NIF	ACREEDOR	Texto Explicativo
26-08-2019	EMIT 74	29-08-2019	48.575,45	B804454424	ION MÚSICA, D.L.	Concierto de Vitor Manuel
26-08-2019	EMIT000061	02-09-2019	14.250,00	B32425654	OURI ENTRETENIMIENTOS, S.L.	Aluguer 8 carrozas
26-08-2019	19.343	06-09-2019	17.972,76	B94119104	GLOBAL SETUP, S.L.	Montaxe de son e iluminación
31-08-2019	01 00101-19001438	23-09-2019	387,20	A36005346	RADIO PONTEVEDRA, S.A.	Anuncios Festas de San Roque
31-08-2019	EMIT 69	23-09-2019	1.089,00	B70210307	BALSA PULBLICIDAD, S.L.	Anuncios TVG-Desconexión

31-08-2019	2191046288	23-09-2019	871,20	A28782936	UNIPREX, S.A.U.	PO
10-09-2019	A2019/a/275	23-09-2019	726,00	B36223600	TELEV. MANCOMUN. SALNÉS, S.L.	Anuncios Pontevedra OCR Camapaña Festas San Roque
31-08-2019	P190009034	23-09-2019	121,00	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
31-08-2019	2019/0002797	23-09-2019	517,88	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	078020294	23-09-2019	749,47	A28281369	RADIO POPULAR, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	2019/0002924	23-09-2019	559,02	A36600815	FARO DE VIGO, S.A.	Publicidade Festas
31-08-2019	P190009035	23-09-2019	1.216,05	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	Módulo Festas San Roque
TOTAL			87.035,03			

Dos 87.035,03 € aos que ascenden estas actuacións, 25.000 € foron financiados coa achega da Axencia de Turismo de Galicia, 5.000 € por ABANCA. Os restantes 57.035,03 € resultaron sufragados con fondos propios do presuposto 2019 do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2019/5085

Vista a proposta da Concellería de Tuismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa do convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que a Deputación financia, cunha achega de 6.000 € os gastos derivados da celebración do concerto gratuito do Artista Blas Cantó no Parque A Xunqueira, o 22 de agosto, dentro das actividades das Festas de San Roque 2019.

1º Cumpriuse a finalidade da subvención xa que o concerto foi celebrado o día 22 de agosto, como estaba previsto e xa figuraba no convenio, con gran aceptación por parte do público, momo foi recollido nos medios de comunicación con edición local.

Respecto a difusión do financiamento obtido pola Deputación, o anagrama desa entidade figura no programa das festas, no cartel e nas insercións publicitarias nos medios de comunicación escritos.

2º Os gastos xerados foron os seguintes.

Provedor	nº factura	Concepto	Importe	Data de pago
Must. Producciones SL NIF B86466760	Emit-183	Concerto de Blas Cantó en Vilagarcía de Arousa o 22/08/2019	19.965,00	03/09/2019

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/5088

Dáse conta da comunicación formulada por Dona Lua Branca Diaz Pérez en relación cos danos sufridos o día 8 de marzo de 2019, cando segundo a súa manifestación o seu pai D. José Luis Díaz Paz sofre unha caída na Travesía Alejandro Cerecedo, mentres levaba a filla desta en brazos, a consecuencia da grava e o desnivel que hai en dita rúa, o que lles ocasionou diversos danos.

Dáse conta de informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Rúa peonil de 7,90 m. de ancho, formigonada, con alcorques de grava e mobiliario urbano.

Informe sobre a deficiencia alegada: Non existe ningunha deficiencia ou desperfecto. A rúa ten 7,90 m. de ancho con alcorques centrais, quedando libre de paso 1,80 m. a un lado e 3 m. a outro.

Elementos susceptibles de dificultar a percepción da deficiencia alegada: non hai ningunha dificultade de visibilidade dos alcorques.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda indicar que non existe ningunha anomalía fóra dos parámetros da racionalidade, e de entidade suficiente para provocar unha caída, considerando que non se pode establecer un nexo de causalidade suficiente e axeitado entre a caída e un funcionamento anormal dun servizo público.

PRP2019/5089

Dáse conta da reclamación formulada por D. Julio Angel Pousa Blasco polos danos sufridos o día 11 de marzo de 2018 no vehículo matrícula M6228WU, ao sr golpeado por un colector de lixo amarelo situado na Rúa Vilaboa.

Dáse conta de informe da Policía Local no que indica que persoados no lugar do sinistro en Rúa Vilaboa, á altura do nº 5, a requirimento dun condutor que manifestou que momentos antes, cando circulaba co seu vehículo en sentido a Sobradelo, un colector amarelo foi desprazado polo vento colisionando co seu vehículo.

O colector estaba colocado no seu lugar xa que o condutor volveu a colocalo para evitar mais sinistros, comprobando que estaba practicamente valeiro polo que se movía facilmente. Hai que engadir que os colectores dese lugar non teñen ningún tipo de ancoraxe e no momento do sinistro había vento moi forte, pois de feito existía alerta laranxa decretada polas autoridades.

Dáse conta de informe de Mutua General de Seguros no que indica que podería tratarse dun caso de forza maior por ventos.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación.

PRP2019/5090

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 287/2018C, que estima o recurso contencioso administrativo interposto por D. Francisco Javier Martínez Martínez, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial desestimada por Xunta de Goberno Local por danos sufridos no vehículo matrícula 7008BJB.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao aboamento da cantidade de 850,19€ (mais xuros legais correspondentes), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 143/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 1 de Pontevedra.

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigaón a favor de D. Francisco Martínez Martínez polo importe de 600,00 euros a que ascende a franquía, imputándoo á partida 929.22699.

TERCEIRO: comunicar este pagamento á empresa aseguradora Mutua General de Seguros para que proceda á execución da sentenza pola diferenza entre a franquía concertada na póliza asinada (600,00 €) e o total da cantidade que resulta do cumprimento da citada sentenza.

PRP2019/5091

Dáse conta de sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra, en autos do Procedemento Abreviado nº 474/2018, seguido a instancia de Dona Concepción Oubiña Araujo, e formulado contra a desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial pola Xunta de Goberno Local por danos sufridos no vehículo matrícula ZA6829K.

Tendo en conta que a citada Sentenza é firme e que no seu fallo condena ao Concello ao

aboamento da cantidade de 416,30 € (mais xuros legais correspondentes), a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: proceder á execución da sentenza número 225/19 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo número 3 de Pontevedra.

SEGUNDO: aprobar o gasto e o recoñecemento de obrigación a favor de Dona Concepción Oubiña Araujo, na contía de 416,30 e, mais xuros legais correspondentes dende a data da súa reclamación, dando un importe total de 434,51 €, imputándoo á partida 929.22699.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2019/5087

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda a adhesión do Concello á campaña do 25N, Día internacional contra a violencia de xenero. "En negro contra a violencia", promovida polo Concello de Santiago de Compostela.

SPAD

PRP2019/5092

Dáse conta do escrito do Concello de Ribadumia no que solicita a non inclusión do citado concello na solicitude conxunta de subvención en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidas por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, por ter pendente de aprobación polo Pleno Municipal a Conta Xeral de 2018, e co fin de non causar prexuízos aos outros asinantes do Convenio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a exclusión do Concello de Ribadumia no proxecto citado durante o exercizo de 2019, e anular a liquidación por importe de 2.000 € para o exercicio 2019.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CULTURA

PRP2019/5095

Vista a solicitude de D. Juan Tomás Cores Fernández, en representación da Asociación Comisión de Festas de San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe da O o vindeiro día 14 de decembro de 2019, na que se celebra unha romaría de convivencia con todos os/as veciños/as:

- Actuación da Asociación Cultural Lumarada, por un importe de 225,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/5096

Vista a solicitude de D. Daniel Gómez Gude, como Xefe de Base de Servizo de Vixianza Aduaneira en Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 20 de novembro de 2019, en horario de 9:00 a 15:00 horas , para a impartición dun curso de investigación aduaneira para o persoal marítimo do servizo de vixianza aduaneira, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/5097

